


EQUIPAMENTO DIXITAL PARA ALUMNADO DESPRAZADO POLO CONFLITO EN UCRAÍNA

VERSIÓN 31/03/2022


O alumnado desprazado polo conflito en Ucraína escolarizado en centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá recibir en préstamo un ordenador portátil correspondente ao programa "Educa en Dixital".

Deberá tramitar o préstamo a través do Protocolo **Educa en Dixital** dispoñible en



<https://www.edu.xunta.gal/protocoloseducativos/> de acordo coas instrucións que recibiu no seu momento.

Na web <https://www.edu.xunta.gal/portal/ucraina> atopará unha ligazón que debe seguir para configurar o equipo Educa en Dixital de xeito que poda usarse en ucraino/ruso ou en galego/castelán.




Ademais, poderá asignarlle a este ordenador conectividade, para o que poderá solicitar, a través do Protocolo de **Fenda Dixital** un router MIFI con tarxeta de datos. O acceso a esta aplicación realízase tamén a través de

<https://www.edu.xunta.gal/protocoloseducativos/> .

No espazo <https://www.edu.xunta.gal/portal/ucraina> conta cun manual de solicitude deste equipamento.

De igual maneira, se o centro xa esgotara todos os ordenadores do Programa Educa en Dixital, se fora un centro que non tivera previamente este recurso, ou se contara con máis alumnado desprazado que ordenadores dispoñibles, poderá solicitar nesta mesma páxina os dispositivos que precise.



Con cada router chegará un set de adhesivos para o teclado que amosan tanto a configuración QWERTY latina (o teclado que usamos en España habitualmente) como a configuración ucraína/rusa (en cor azul).

